

TOPONIMIA

1. **A Coruña:** de **CLUNIA** (probable antropónimo feminino de estirpe celta) >Crunia>Coruña. Esta é a evolución máis consistente e máis aceptada, aínda que tamén hai quen a deriva de “colonia”.
2. **Armenteira:** de **ARMENTUM** (gando) **ARMENTARIAM** (grea, rebaño de gando maior). Zootopónimo. Xa o P. Sarmiento fai referencia a esta etimoloxía.
3. **A Estrada:** o nome desta concello e vila está en consonancia co carácter de cruce de camiños que tivo a localidade, pois a primeira poboación asentouse ó longo da “estrada” ou camiño que lle deu nome. **VIAM STRATAM**, fai alusión ós distintos estratos con que os soldados construían as vías. Daí tamén “street” en inglés e “strasse” en alemán.
4. **Astorga:** **ASTURICA AUGUSTA**. Deriva de “asturicense”, terra dos astures. Etnónimo (nome dun pobo).
5. **Acibeiro:** lugar onde hai **ACIBROS**. Fitotopónimo.
6. **Bembibre:** de **BENE VIVERE**. Tanto Bembibre coma Bembribe parecen significar (lugar ou sitio) de ben vivir, e sinalarían asentamentos que, polas súas especiais características de clima e produción agrícola, ofrecerían boas condicións de habitabilidade ós seus moradores.
7. **Bierzo:** de **BERGIDUM**, palabra que contén a raíz xermánica **BERG-** “montaña”.
8. **Bonaval:** “bo val” de **BONAM VALLEM** . Debería o seu nome a condicións favorables de topografía e produtividade.
9. **Braga:** Topónimo procedente dos brácaros, xente que habitaba o convento bracarense, e que fai alusión ás bragas ou calzas que vestían. Chamouse **BRACARA AUGUSTA**.
10. **Caldelas:** Diminutivo de **AQUAS CALIDAS** (caldelas) en relación ás augas quentes, termais. Hidrotopónimo.
11. **Cartagena:** A cidade cartaxinesa **QUART-HADAST**, “cidade nova”, refundada en latín **CARTAGO NOVA**, “nova Cartago”, arabizada en **QARTAGINA**, da que deriva a actual Cartagena.
12. **Castrelo:** Híbrido de **CASTRUM, -I** e **CASTELLUM, -I** (diminutivo de “castrum”) Un castro é un campamento fortificado ou ben unha cidade alta e fortificada.
13. **Cebreiro:** alude ó **ZEBRO, -A** ou **E(N)ZEBRO, -A**, asno salvaxe, animal hoxe extinguido na península,

pero abundante na Idade Mediana. Deu orixe esta palabra á cebra africana.

14. **Celanova:** de **CELLA NOVA**. Unha “cella” é un cuarto ou habitación pequena, graneiro, pequeno habitáculo rodeado de muros, etc. Desta palabra latina deriva “celeiro” en galego, “celler” en català (bodega) e “Keller” en alemán (sótano) .Celanova é un topónimo que nos fala da presenza no lugar dunha construción máis ou menos grande, que ben puido ser un espazo pechado para gardalo gran ou calquera outro pequeno habitáculo pechado cunha finalidade concreta difícil de precisar.

15. **Cimadevila:** **CIMA +DE +VILA** (lugar alto na parte darriba da vila)

16. **Chantada:** de **PLANTATAM** (plantada) **PLANTARIUM** é viveiro daí chanteiro. Chantada: de **PLANTATAM**, o topónimo baséase na destrución da vila polos normandos e a seguinte reedificación.

17. **Compostela:** de **COMPOSITUM** (terra amoreada ou enterramento, segundo algúns) É o topónimo galego máis discutido. Desde sempre a interpretación popular foi: “campus stellae” ou campo da estrela que sinalou e descubriu a tumba apostólica. Esta hipótese é moi poética, pero non explicaría o cambio de a en o de campus, compos. Máis correctas son “compositum tellus”, terra composta ou fermosa. O de composta poder facer referencia a unha pequena aglomeración de terra ben construída, agradable e fermosa, ou tamén poder facer referencia a unha reconstrución da cidade logo dunha invasión.

18. **Córdoba:** do latino Corduba, posiblemente dunha anterior fenicia **KARTA-TUBA**, literalmente “vila grande”.

19. **Couto:** de **CAUTUM** (lugar cercado para mellor defensa)

20. **Donostia:** de “**DON**” señor en euskera. “**OSTIA**” porto de Roma, de onde era orixinario o santo e mártir Easo ó que lle chamaron polo nome da cidade da que procedía. Hai incluso quen deriva de Done “santo” en euskera e Sebastián.

21. **Feans:** de **FENALE** “que ten que ver co feo (heno)

22. **Filgueira:** de **FILICARIAM, FILICEM:** fento. Fitotopónimo.

23. **Fisterra:** de **FINIS TERRAE.**

24. **Fondevila:** de **FONTE DA VILA** ou **FONDO DA VILA**, admite as dúas explicacións.

25. **Fonsagrada:** de **FONTEM SACRATAM.** Fonte á que se lle atribuían propiedades curativas. Hidrotopónimo.

26. **Fontefría:** de **FONS, FONTIS** e **FRIGIDA**, fría. Fai referencia a mananciais situados en zonas altas, daí a temperatura baixa da auga.
27. **Fontoira:** de **FONTEM AUREAM** pola cor da súa auga provocada pola limonita ou outro mineral do fondo. Hidrotopónimo.
28. **Foz:** de **FOCEM, FAUCEM:** gorxa, paso estreito, fauces. Lugar por onde un río desemboca no mar, tamén é un paso estreito entre montañas.
29. **Frades:** de **FRATRES** (irmáns). Monxes dunha congregación relixiosa.
30. **Lavacolla:** de **LAVA COLEA** (lava os testículos, facía referencia o costume dos peregrinos de lavarse antes de chegar a compostela, **LAVA MENTULA**, é unha forma eufemística que aparece en algunha fonte).
31. **León:** **LEGIONEM**, esta cidade tén como orixe un campamento militar onde había unha lexión.
32. **Louredo:** Frecuentemente derívase de **LAURETUM** lugar onde hai loureiro (*Laurus*, -i: loureiro) Polo tanto sería un fitotónimo, pero non sempre nestes lugares hai abundancia destas árbores, do que si hai abundancia é de terreos pedrosos ou canteiras, a base que corresponde con todos estes topónimos debe ser un radical parecido a *lar ou *lor que significa rocha, pedra, similar ó usado polr algúns autores para explicar nomes franceses da mesma clase. En galego este radical está na palabra louro co significado de penedo.
33. **Lugo:** de **LUCUS** (fraga sagrada) **Lucus Augusti:** bosque sagrado de Augusto (o fundador). Hai quen o deriva do nome dun deus.
34. **Maceda:** de **MATTIANETA** (mazairas)
35. **Mérida:** **EMERITA AUGUSTA**, cidade fundada para os soldados licenciados tras as campañas hispanas; recibían o título de **EMERITI** (licenciados)
36. **Milladoiro:** de **HUMILIATORIUM**, lugar onde os peregrinos ó ver Compostela se axoellaban para dar grazias a deus; ou tamén **AD MILIATORIUM** lugar onde os peregrinos botaban unha pedra que traían consigo, formando unha morea de pedras chamada “milladoiro” ou “amilladoiro”.
37. **Mondoñedo:** do latín medieval **MINDUNIETUM**. O topónimo actual procede de San Martín de Mondoñedo, a sede dos bispos mindunienses ou dumienses, que eran unha especie de extensión dos de Dumio, preto de Braga.

38. **Monforte**: de Mons, montis e fortis, -e: facendo referencia a un antigo lugar fortificado ou castelo situado sobre un outeiro.

39. **Oleiros**: de lugar onde hai olas funerarias ou lugar onde hai oleiros,alfareiros fabricantes de olas:
OLLARIOS

40. **Ourense**: de **AURIENSE, AURUM**. Topónimo que fai relación a unha explotación de ouro.

41. **Ortigueira**: de **URTICARIA** lugar onde hai ortigas. Fitotónimo con sentido abundancial.

42. **Oseira**: de **URSUS, URSARIA**. Lugar onde hai osos, aínda que este mamífero hoxe en día está desaparecido en Galicia, foi abondoso antaño, como aparece en documentación antiga.

43. **Orxal**: de **(H)ORDEUM** “orxo”, sendo o derivado máis común e correspondente ao sufixo –ALE. Fitotónimo abundancial en “cebada” (de CIBUS “alimento”), forma que substituíu, tanto en galego como en castelán, á tradicional orxo.

44. **Ourantes**: topónimo étnico ou tribal. Os plurais soen estar relacionados con nomes tribais.

45. **Outeiro**: de **ALTARIUM**, parte alta do terreo, elevación do terreo.

46. **Padrón**: de **PETRONUM, PETRAM**, a pedra onde se amarrou o barco do apóstol Santiago, segundo a tradición. Esta columna (quizáis unha ara precristiá), conservada debaixo do altar maior da igrexa parroquial, sería, segundo algúns, un marco de demarcación ou unha pedra de término. Hai quen relaciona tamén o nome de Padrón cunha gran rocha que hai a carón do río. En todo caso deriva de pedra.

47. **Pedrafita**: de **PETRA+ FICTA**: pedra cravada facendo referencia á presenza de miliarios ou monumentos megalíticos consistentes nunha gran pedra colocada verticalmente utilizada como liña divisoria de concellos.

48. **Peñalba**: **PENA**, “peña” e **ALBA** “branca”

49. **Pereira/Pereiro**: **PIRUS, -I: PEREIRA**. Tamén hai quen o deriva de **PETRARIAM**: pedra, porque hai moitos topónimos que teñen esta raíz e están ubicados en lugares altos e pedrosos. O mesmo topónimo Pirineos podería facer referencia ós puntiagudos e pedrosos cumes desta serra.

50. **Poio**: de **PODIUM**, o significado máis coñecido é o de banco, repisa ou asento, pero tamén ten o de elevado (con boas vistas), montículo. Esta palabra consérvase no català puig, onde significa montaña alta e aguda.

51. **Pombal**: de **PALUMBALEM** (moitas pombas)
52. **Ponferrada**: de **PONTEM FERRATAM**: ponte de ferro, na que se utilizaron materiais de ferro.
53. **Pontevedra**: de **PONTEM VETERAM** alusión a unha ponte vella ou veterana. Hai quen a deriva de Ponte do río Vedra, nome que se lle daba ó actual Lérez.
54. **Ponteceso**: **PONTEM CAESUM**, ponte caída ou ponte rota, cortada.
55. **Portomarín**: Aínda que a palabra porto se asocia co significado de obra artificial onde se refuxian barcos, non é este o concepto orixinal do vocábulo que, procedente do latín portum, equivaleu primeiro a un paso estreito entre montañas, a un paso dende o mar á terra a través dun entrante natural da costa ou ó lugar por onde se podía atravesar un río grazas ás condicións favorables de profundidade, corrente, etc. Esta última acepción é a que lle convén a Portomarín, que situado á beira do Miño e en pleno camiño de Santiago sinala un dos numerosos portos ou pasos fluviais que terían que salvar os peregrinos no seu percorrido. A segunda parte, parece que nada ten que ver co mar, senón cun nome persoal Marini, xenitivo latino de Marinus, coa idea de posesión, que semella sinalar a presenza dun antigo dono/posuídor do lugar e mesmo do estratéxico paso. O nome aparece mencionado xa no Códice Calixtino como "**Pons Minea**" ou "**Pons Minie**" co significado de "ponte do Miño".
56. **Ribadavia**: **RIBA+DE+ AVIA**. **RIPAM**, orilla dun río ou mar, ou sexa, orilla do río Avia. O nome do río, Avia, igual que Avión, procede da forma *ab que significa fonte, auga.
57. **Ribeira**: de **RIPARIAM**, derivación vulgar de **RIPAM** costa ou orilla do mar.
58. **Sanxenxo**: de **SANCTUM GENECIUM** (San Xés). Haxiotopónimo: nome dun santo.
59. **Salamanca**: **SALMANTICA**, da raíz sal- lugar de auga brava, facendo referencia á presenza dun río (Tormes).
60. **Santiago**: **Santiago**: de **SANCTI IACOBI** (xenitivo: "dependente da Igrexa de...", "¡Ou, San Xacobe!", berro popular de carácter bélico empregado durante a loita entre cristiáns e musulmáns na Península) ou da contracción da forma **SANTO IAGO**
61. **Seixo**: de **SAXUM**, rocha, penedo, pedra.
62. **Sobrado**: (**AEDIFICIUM**) **SUPERATUM**: edificio cunha parte alta que sobresa, ou terra alta, que sobresa.

63. **Tarragona**: do latín **TARRACONEM**, posiblemente dun termo prerromano quizáis íbero *tar “altura, monte rochoso”, emparentada con *tor. Esta orixe pode xustificala o feito de estar emprazado o seu primitivo núcleo urbano sobre un montículo rochoso ocupado polas antigas murallas romanas.
64. **Touro**: de *tor “altura, monte”, é un topónimo orográfico que sempre aparece asociado a altitudes ou montes.
65. **Triacastela**: **TRIA CASTELLA**, tres castros.
66. **Veiga**: do íbero **VAI-** río e o sufixo **-KA-** rexión do río, é un terreo á beira dun río, sempre húmido. En euskera (i)bai: río.
67. **Vigo**: **VICUM**, aldea, grupo de casas ou propiedade rural, en catalán Vic.
68. **Vilaboa**: **VILLAM BONAM**, vila boa, casa de campo boa.
69. **Vilachá**: **VILLAM PLANAM**, casa de campo situada nun lugar plano.
70. **Vilagarcía**: fai referencia ó fundador da **VILA: GARCÍA** de Caamaño.
71. **Vilalba**: **VILLAM ALBAM**, vila branca, pero tamén pode facer referencia ó preindoeuropeo *alb/alp “altura, monte”
72. **Vilameá**: **VILLAM MEDIANAM**, vila situada a media altura do monte.
73. **Xestoso**: **GENITOSUM**, lugar onde abundan as xestas ou **GENISTA**.
74. **Xunqueira**: **IUNCARIAM**, lugar onde abundan os xuncos **IUNCUS**.
75. **Zaragoza**: **CAESAR AUGUSTA**, cidade adicada a César Augusto, que en árabe foi **SARAKUSTA**, daí Zaragoza.

O nome da cidade da **Coruña** ten unha **orixe literaria**, concretamente, na 'Historia Turpini', o libro IV do *Codex Calixtinus*, onde se fai mención a un lugar descoñecido chamado **Crunia** que tomou o rei Afonso IX para renomear en 1208 a cidade de Faro, anteriormente **Brigantium**. Así o defende o profesor e escritor Gonzalo Navaza —membro da Comisión de Toponimia e académico correspondente da RAG— nun amplo artigo no que racha con todas as hipóteses anteriores sobre a orixe dun topónimo que "só ten existencia na xeografía fantástica dun libro escrito en latín": o *Códice Calixtino*, a gran obra textual da cultura románica xacobeá. Pode afirmarse, polo tanto, que "o nome da Coruña, coma o Pórtico da Gloria, é unha creación da arte románica galega, dos tempos do esplendor románico no Camiño de Santiago", segundo Navaza.

Outra hipótese sostén que a orixe do topónimo **Coruña** hai que buscalo na conxunción da raíz ***Kor-**, que é unha base antiga quizáis indoeuropea co significado de “roca, dureza, protuberancia dura”, e un sufixo latino -nius, -nia, -nium>-uña.

Según o alemán **Theo Vennemann** (Oberhausen-Sterkrade, 1937) profesor emérito de Lingüística Xermánica e Teórica na Universidade Ludwig Maximilian de Múnic, o nome da cidade de A Coruña ten a súa orixe no **termo fenicio a Karn**, cuxo significado é “corno”. Bautizaríana así os navegantes dese pobo, antes da conquista romana, en atención á forma do istmo no que se empraza.